



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **843 (11/PNC-000054)**, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Concello de Vigo para acadar a cesión do espazo para a edificación da futura biblioteca pública de Vigo e ante o Goberno central para que incorpore aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a súa construción, que figura na orde do día da Comisión 4ª, prevista para o vindeiro 30 de outubro de 2020.

### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto na parte resolutiva:

“Ao Goberno galego a manter o uso como biblioteca da actual Biblioteca Pública Juan Compañel en Vigo, con independencia de que a apertura da nova puidese supoñer o traslado de parte dos seus fondos, para desta maneira evitar a perda deste recurso amplamente utilizado pola veciñanza no Casco Vello da cidade.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 29/10/2020 11:14:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2020 11:14:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **José Luis Ferro Iglesias** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **2384 (11/PNC-000243)** Sobre a consignación polo Goberno galego, para o ano 2021, dunha partida orzamentaria para o cumprimento das obrigas derivadas da catalogación do parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, a reversión do seu estado de deterioración e o seu retorno ao uso e aproveitamento público.

### Emenda de Substitución:

Débese substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a realizar un Plan Director que recolla as especificacións técnicas necesarias para redactar os proxectos de restauración do Parque do Pasatempo, un documento necesario para definir tanto as necesidades de actuación no ben como a aportación económica precisa para desenvolver, posteriormente, unha folla de ruta de intervencións orientadas a revertir o deterioro do ben”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro 2020.

### Asinado dixitalmente por:

**Pedro Puy Fraga na data 29/10/2020 17:50:57**

**José Luis Ferro Iglesias na data 29/10/2020 17:51:26**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Ovidio Rodeiro Tato** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **3095 (11/PNC-000350)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución

### Emenda de Substitución:

Débase substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a regular os criterios e o procedemento de adquisición e distribución de máscaras hixiénicas entre o alumnado dos centros educativos de Galicia no curso 2020-21; co obxecto de ofrecer garantías xurídicas, lograr axilidade na aplicación da medida e evitar desigualdades entre os potenciais beneficiarios.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro 2020.

### Asinado dixitalmente por:

**Pedro Puy Fraga na data 29/10/2020 17:43:49**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 29/10/2020 17:44:20**

